



MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE MUIÑOS PARA O ACONDICIONAMENTO DA SENDA ESTRADA BARXÉS – ABELLERIA – MUIGUEMES.

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

A capitalidade do concello de Muíños atópase en Muiguemes, onde están a maior parte dos servizos públicos, a residencia de maiores da Virxe da Clamadoira ademais da propia casa do concello. A día de hoxe a estrada carece da infraestrutura necesaria para unha mobilidade peonil segura, xa que non conta con espazo segregado para este tránsito

A actuación que se propón na estrada Barxés a Muigemes aproveita a existencia de beirarrúas tanto nos núcleos de Barxés como no intermedio de Abelleira, o cal incide nunha maior eficacia da actuación. Trátase de conectar estes treitos existentes habilitando unha senda peonil na parte da estrada que non conta con ela, para que a totalidade do tramo sexa transitable polos viandantes.

3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en estímase en douscentos setenta e dous mil oitocentos trinta e oito euros con sete céntimos (272.838,07), IVE incluído.

A Axencia Galega de Infraestruturas financiará as obras con cargo á partida 09.A1.512B.760.0, código de proxecto 2023-00008 dos seus orzamentos para o ano 2023.



4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Muiños e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6.- Xustificación da concesión da subvención

Esta actuación xa fora prevista na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

